- Emprego de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e de plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Achegamento a algúns aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios de países onde se fala a lingua estranxeira (convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades etc.).
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Utilización de estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	6. Como se ten sentido ultimamente?	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar a información esencial e os puntos máis relevantes en textos, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos en lingua estándar que traten de asuntos cotiáns ou de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso moi común.	A competencia neste apartado realizarase a través dunha proba escrita, que debe ter unha puntuación mínima de 4 puntos sobre 10	PE	60
CA1.2 - Comprender o esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea familiarizado ou experiencias persoais e predicibles, sempre que e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais e, no caso da oralidade, se dean repeticións ou reformulacións.	A competencia neste apartado realizarase a través dunha proba escrita, que debe ter unha puntuación mínima de 4 puntos sobre 10		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Aplicar autonomamente as estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), para comprender o sentido xeral, a información esencial e detalles relevantes dos textos, inferindo o significado de palabras e expresións non coñecidas; e interpretar elementos non verbais.	A competencia neste apartado realizarase a través dunha proba escrita, que debe ter unha puntuación mínima de 4 puntos sobre 10		
CA1.7 - Producir textos, tanto cara a cara como por medios técnicos, nun rexistro neutro, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar e manter a comunicación.	A competencia neste apartado realizarase a través dunha proba escrita, que debe ter unha puntuación mínima de 4 puntos sobre 10		
CA1.8 - Redactar e difundir textos claros e coherentes, con cohesión sinxela, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, con control de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	A competencia neste apartado realizarase a través dunha proba escrita, que debe ter unha puntuación mínima de 4 puntos sobre 10		
CA1.9 - Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos, en soporte tanto impreso como dixital.	A competencia neste apartado realizarase a través dunha proba escrita, que debe ter unha puntuación mínima de 4 puntos sobre 10		
CA1.10 - Aplicar e comunicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria, e ás características contextuais.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA1.4 - Comprender información relevante en textos do seu interese, expositivos ou narrativos, en distintos soportes, de lonxitude media e ben estruturados, nos que se presentan en termos simples fenómenos, accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas e sen implícitos, e no caso da interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Buscar información en fontes confiáveis sobre temas de investigación de interese persoal, educativo ou ocupacional, considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA1.6 - Expresar oralmente textos sinxelos e comprensibles, previamente preparados, de extensión breve ou media, nun rexistro neutro, sobre temas de interese persoal sobre os que teña coñecementos previos, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a de planificación, de compensación e de cooperación.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA1.11 - Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves referidos a asuntos da vida cotiá, e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal propia da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA1.12 - Interactuar con pronuncia intelixible pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA1.13 - Interaccionar, utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA1.14 - Utilizar, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA1.15 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA1.16 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Participar na solución de problemas de incomprensión e de entendemento no seu entorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndolos explícitos e compartíndoos co outros participantes.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente, sen necesidade de alcanzar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis utilizada.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA3.1 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas etc.) dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que pode reflectir a diversidade cultural.	Avaliarase coa observación directa na actuación diaria na aula e nos exercicios realizados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Manifestación de autoconfianza e iniciativa. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais). - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: establecer e manter de xeito sinxelo a comunicación e a organización elemental do discurso. Dar información persoal e familiar básica e, en termos simples, narrar acontecementos pasados e describir estados e situacións presentes, e expresar sucesos futuros. Solicitar e dar información e indicacións, e expresar de xeito sinxelo opinións e advertencias. Expresar de forma sinxela coñecemento, descoñecemento, certeza e dúbida. Expresar a vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. Expresar interese, aprobación, aprecio, satisfacción e sorpresa, así como os seus contrarios. Resumir. - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e o recoñecemento do contexto (participantes e situación), as expectativas xeradas polo contexto, a organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Utilización de unidades lingüísticas de uso común e habitual e significados asociados a estas tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia, posterioridade...), as formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e as relacións lóxicas habituais. - Utilización de léxico común de interese para o alumnado relativo a tempo e espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura; así como uso básico de estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). - Utilización e recoñecemento de padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns. - Utilización e recoñecemento de padróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar e negociar significados.

Contidos

- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na rede, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: utilización de ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e de recursos para evitar o plaxio.
- Emprego de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e de plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Reaxuste da tarefa ou da mensaxe, emprendendo unha versión máis modesta, tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos sinxelos de textos, e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Achegamento a algúns aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios de países onde se fala a lingua estranxeira (convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades etc.).
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Utilización de estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O achegamento a unha segunda lingua estranxeira como é o portugués para o alumando galego require unhas concrecións metodolóxicas moi específicas e que se deben ir adaptando a cada grupo-aula. Con todo, cómpre ter en conta que partimos de que se trata dun proceso no que o profesorado vai actuar como guía e mediador para facilitar a construción da aprendizaxe das competencias comunicativas esenciais en portugués adaptadas ao nivel.

Integraremos na práctica da aula todos os procedementos para traballar as capacidades básicas (escoitar, falar, ler e

escribir), así como todos os bloques de contidos, tendo en conta que sempre se tenderá a:

- Fomentar a participación e reflexión sobre o proceso de aprendizaxe, tanto individual como grupal.
- Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado na aula.
- Relacionar os saberes aprendidos nas diferentes materias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaremos os seguintes materiais e recursos didácticos:

1- Como libro de texto empregaremos Entre nós 1 Método de Português para Hispanofalantes da autoría de Ana Cristina Dias da Editorial Lidel, por ser un método que contempla os niveis A1/A2 do Cuadro Europeo Común de Referencia para as Linguas (CECRL) e que ten como obxectivo preparar ao alumno para actuar nas situacións de comunicación que se contemplan nas metas definidas para estes niveis.

Como manual de consulta e de estudo utilizaremos Estou a estudar portugués, de Valentim Fagim.

2- Materiais de audio (CD) para potenciar a comprensión de textos orais.

3- Materiais audiovisuais (vídeos) para potenciar a comprensión oral. Tamén a comprensión escrita cando os vídeos teñen lendas.

4- Filmes portugueses adaptados aos diferentes niveis.

5- Textos literarios: contos, fragmentos de obras clásicas, textos xuvenís

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

7.1. Avaliación inicial

Dado que o alumnado que comeza 1º de Bacharelato na materia de Lingua Portuguesa, pode dividirse nun subgrupo que xa estudara a materia en 4º da ESO e outro que o estuda por primeira vez, a avaliación inicial debe dar conta desta situación dual. Para os estudantes noveis, fixemos só unha primeira aproximación ao portugués desde o punto de vista escrito e oral. Avaliamos non só a capacidade do alumnado, para ver como, a partir do galego, comprendían o portugués. Tamén comprobamos as destrezas lingüísticas que traían adquiridas, a capacidade de expresión a nivel global, a limpeza dos textos, a caligrafía. Para os alumnos que xa estudaran portugués o ano pasado, fixemos unha avaliación máis profunda, para analizar o que xa coñecían do curso anterior.

Desde o primeiro minuto da clase falamos só en portugués, coas pausas, repeticións, explicacións e, escasas veces, tamén traducións necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	20	20	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

7.2.1.- Criterios de cualificación

B1.1.- Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.

B1.2.- Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

B1.3.- Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi a modo e con moita claridade.

B1.4.- Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.

B2.1.- Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.

B2.2.- Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.

B2.3.- Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.

B2.4.- Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.

B3.1.- Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.

B3.2.- Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.

B3.3.- Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade.

B3.4.- Comprender textos propios de situacións cotiáns próximas onde se dan a coñecer bens e servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando

teña certa dificultade.

B4.1.- Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.

B4.2.- Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.

B4.3.- Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.

B4.4.- Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

B5.1.- Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.

B5.2.- Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.

B5.3.- Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.

B5.4.- Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

B5.5.- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

B5.6.- Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.

Criterios de recuperación:

Para recuperar haberá que lograr superar os seguintes Criterios de cualificación cunha proba escrita. Cada apartado non poderá ser puntuado cunha nota inferior a 4 puntos.

B1.1.- Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.

B1.2.- Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

B1.3.- Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi a modo e con moita claridade.

B1.4.- Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiás habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.

B2.1.- Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Na materia de Lingua Portuguesa de 1º de Bacharelato, non pode haber persoas que teñan a materia pendente de 4º da ESO, xa que entón non titularían nin acadarían o título da ESO. Por esa razón non establecemos ningún procedemento para a recuperación e avaliación da materia pendente.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Lingua Portuguesa de 1º non é unha materia de continuidade, como sería o caso de 2º de Bacharelato. Por esa razón non é necesario acreditar os coñecementos necesarios. Ademais, durante a primeira avaliación facemos un repaso xeral de ortografía e de acentuación, que é válido para todos os alumnos/as que xa tiveron portugués no curso anterior, como para o alumnado novo, que cursa a materia por primeira vez.

6. Medidas de atención á diversidade

A metodoloxía xeral da aula empregará como estratexia o traballo cooperativo fomentando a autoavaliación e a coavaliación.

Respectaranse os ritmos de aprendizaxe de cada alumno como se explicou na avaliación.

Procurarase a construción das aprendizaxes e a procura de contidos funcionais e significativos na aprendizaxe da lingua estranxeira.

Tamén procuraremos a conexión dos contidos da materia cos intereses do alumnado.

-Haberá un contacto permanente co Departamento de Orientación para asesoramento de procedementos de adaptación curriculares e reforzo educativo.

-Deseñaranse actividades de reforzo para alumnos que non sigan o ritmo e para alumnos que o sobrepasen.

-Ofrecerase na medida do posible, diversidade de opcións á hora de plantexar traballos, propoñer libros de lectura ou exercicios de varios niveis de dificultade.

-Elaborarase ou procurarase material axeitado para alumnos con necesidades especiais de aprendizaxe, ben sexa poer esfase académico, ben porque se incorpora a un 2º curso sen ter cursado o 1º.

Todas estas estratexias son básicas para que se produza unha aprendizaxe significativa na liña metodolóxica expresada máis arriba, na concepción teórica do departamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - FOMENTO DA LECTURA			X	X	X	X

Observacións:

TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

A materia de lingua portuguesa debe contribuír a acadar os obxectivos que se establecen no Proxecto lector de centro. O fomento da lectura non só se debe realizar nas linguas de uso habitual do alumno. A tal fin establécese un plan anual de lectura, de xeito que o traballo progresivo e continuado na formación da lectura comprensiva garanta a paulatina capacitación do alumnado no dominio lingüístico do portugués. As liñas mestras deste plan ou programa anual de lectura son as que seguen:

- 1 Traballo diario con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, etc.
- 2 Ler fluidamente e con actitude crítica, vendo na lectura unha fonte de pracer e ampliación de experiencias.
- 3 Escenificación na aula por parte dos alumnos de breves textos dramáticos.
- 4 Práctica de lectura comprensiva con especial atención ós recursos expresivos.
- 5 Favorecer as actitudes favorables á lectura, mediante a creación de ambientes lectores, tendo como referente a biblioteca do centro.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Viaxe didáctica	Breve viaxe didáctica a Portugal		X	

Observacións:

Realizarase unha viaxe didáctica ao Porto (Portugal), cunha excursión ao Museo de Serralves, a Guimaraes e, posiblemente, a Ponte da Lima ou a Lisboa, para visitar a cidade e arredores. Isto dependerá do propio desenvolvemento do grupo e do comportamento ao longo das avaliacións.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Os INDICADORES DE LOGRO mediranse do 1 ao 5 do seguinte xeito: ¿ Nunca (1) ¿ Poucas veces (2) ¿ A miúdo (3) ¿ Case sempre (4) ¿ Sempre (5)

Descrición:

8.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

8.1.- Indicadores de logro do proceso de ensino

Os INDICADORES DE LOGRO mediranse do 1 ao 5 do seguinte xeito:

- Nunca (1)
- Poucas veces (2)
- A miúdo (3)
- Case sempre (4)
- Sempre (5)

Estes Indicadores de Logro cubriranse cos resultados da enquisa para a Avaliación do Labor Docente realizada polo alumnado de xeito anónimo.

1. O nivel de dificultade, en xeral, foi adecuado ás características do alumnado.
2. As actividades para desenvolver a competencia oral eran axeitadas para o curso-grupo.
3. As actividades para desenvolver a competencia escrita eran axeitadas para o curso-grupo.
4. Combinouse adecuadamente explicación por parte do profesor e práctica.

5. As actividades foron, en xeral, motivadoras.
6. Combináronse axeitadamente as actividades TIC con actividades tradicionais.
7. As actividades TIC resultaron motivadoras.
8. O emprego de música e de vídeos musicais axudou no proceso de aprendizaxe.
9. O emprego de filmes axudou no proceso de aprendizaxe.
10. Os textos escritos e diferentes fichas entregadas axudaban no proceso de aprendizaxe.
11. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
12. Usáronse distintos instrumentos de avaliación para atender os diferentes aspectos.
- 8.2.- Indicadores de logro do proceso da práctica docente
 1. Ten en conta os estándares de aprendizaxe.
 2. Ten en conta os plans e proxectos educativos do centro.
 3. Ten en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento da materia.
 4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado
 5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.
 6. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
 7. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.
 8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns.
 9. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...).
 10. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.
 11. Amosa predisposición para aclarar dúbidas dentro e fóra das clases.
 12. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento das Unidades didácticas.
 13. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.
 14. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
 15. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
 16. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
 17. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información.
 18. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.
 19. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
 20. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
 21. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.
 22. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).
 23. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
 24. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.
 25. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.
 26. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.
 27. Promove a reflexión sobre os temas tratados.
- 8.3.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica
A programación didáctica vaise revisar segundo se vaian rematando as diferentes unidades didácticas, pero tamén durante a implementación das mesmas, xa que nos podemos atopar con determinados contidos que é preciso engadir ou eliminar segundo se vaian desenvolvendo as diferentes unidades.
No momento da revisión, ao detectárense necesidades pasarase a incluír actividades, tanto para potenciar a oralidade, a escrita, ou os contidos socioculturais que vexamos necesarios.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

- 8.2.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica
A programación didáctica vaise revisar segundo se vaian rematando as diferentes unidades didácticas, pero tamén durante a implementación das mesmas, xa que nos podemos atopar con determinados contidos que é preciso engadir ou eliminar segundo se vaian desenvolvendo as diferentes unidades.
No momento da revisión, ao detectárense necesidades pasarase a incluír actividades, tanto para potenciar a oralidade, a escrita, ou os contidos socioculturais que vexamos necesarios.

9. Outros apartados